Total dereitos recoñecidos	36.424.204,45
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	32.939.713,10
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	28.384.940,33
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	4.554.772,77
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	88.706,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	847.131,84
Total obrigas recoñecidas	33.875.550,94
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	2.548.653,51
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	2.743.843,00
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	3.975.848,77
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	4.730.947,88
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	4.537.397,40

REMANENTE DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos	13.254.495,33
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	12.470.090,01
2.a. Do orzamento corrente	5.133.256,24
2.b De orzamentos pechado	12.883.294,86
2.c De operacións non orzamentarias	22.496,86
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	5.568.957,95
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	4.686.689,08
3.a. Do orzamento corrente	3.227.211,48
3.b. De orzamentos pechados	82.542,67
3.c. De operacións non orzamentarias	1.418.430,61
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	41.495,68
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	21.037.896,26
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	9.307.447,47
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	8.894.581,85
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	2.835.866,94

V. SALDO DE OBRIGAS PDTE.APLICAR	49.958,11	
VI. SALDO OBRIGAS POR DII	10.476,73	
VII TRLGX AXUSTADO (IV-V-VI)	2.775.432,10	

SEGUNDO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos deportivos municipais, correspondentes ao exercicio económico de 2022, aprobada e proposta polo seu Presidente, segundo o seguinte detallado:

RESULTADO ORZAMENTARIO:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	1.214.103,56
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	1.214.103,56
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	0,00
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	0,00
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0,00
Total dereitos recoñecidos	1.214.103,56
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	1.190.747,50
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	1.178.093,53
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións non financeiras (Cap. VI e VII)	12.653,97
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	0,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0,00
Total obrigas recoñecidas	1.190.747,50
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	23.356,06
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	0,00
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	23.356,06

REMANENTE DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos	56.934,96
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	328.829,04
2.a. Do orzamento corrente	306.262,50
2.b. De orzamentos pechado	22.566,54
2.c. De operacións non orzamentarias	0,00
2.d. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	94.586,81
3.a. Do orzamento corrente	79.808,57
3.b. De orzamentos pechados	2.526,14
3.c. De operacións non orzamentarias	12.252,10
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	0,00
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	291.177,19
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	21.744,26
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	0,00
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAI	269.432,93

TERCEIRO: Que se de conta da presente resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que se celebre.

O mando e asino en Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Sinatura dixital

A Secretaria Municipal

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixital

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO, CORRESPONDENTE AOS 1º E 2º TRIMESTRES/2023 DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de agosto de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do primeiro trimestre de 2023, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.490.752,10	1.355.947,84
Investimentos reais	484.451,30	110.380,37
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	1.975.569,91	1.466.982,71

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.355.544,64	703.860,86
Investimentos reais	854.871,70	91.052,02
Outros pagos realizados por operacións comerciais	431,20	
Pendientes de aplicar a Orzamento	896.064,00	191.180,70
TOTAL	3.106.911,62	986.093,63

Período medio de pago:63,41 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fora do periodo legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	0	88.167,19
Investimentos reais	0	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	0	88.167,19

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	85.970,90	
Investimentos reais	2.657,60	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	235,95	
TOTAL	88.864,45	

Período medio de pago: 83,90 días

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do segundo trimestre de 2023, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	980.066,42	2.194.696,95
Investimentos reais	701.311,60	643.707,17
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	1.681.378,02	2.838.404,12

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.574.951,10	194.975,18
Investimentos reais	437.808,78	
Outros pagos realizados por operacións comerciais	1.095,49	407,00
Pendientes de aplicar a Orzamento	1.228.905,78	127.155,64
TOTAL	3.242.761,15	322.537,82

Período medio de pago:68,52 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fora do periodo legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	44.536,12	78.883,11
Investimentos reais	2.657,60	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	47.193,72	78.883,11

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	0	0
Investimentos reais	0	0
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0	0
Pendientes de aplicar ao orzamento	95.537,03	299,67
TOTAL	95.537,03	299,67

Período medio de pago: 66,08 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- DETERMINACIÓN, SE PROCEDE, DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2024:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito da Xerfatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade solicitando a remisión da proposta de festas locais para o ano 2024 aprobada polo Pleno do Concello.

Propóñense as seguintes datas para as festas locais para o ano 2024:

- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 16 de agosto, festividade de San Roque.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade infórmase favorablemente a proposta de festas locais para o ano 2024, para os días 22 de maio (Festividade de Santa Rita) e 16 de agosto (Festividade de San Roque).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Determinar as seguintes datas para as festas locais para o ano 2024:

- Día 22 de maio, festividade de Santa Rita.
- Día 16 de agosto, festividade de San Roque.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN GRATUÍTA AO SERGAS, DA PARCELA MUNICIPAL SITUADA NA AVDA. DA MARIÑA Nº 21, PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 28 de agosto de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

Logo de dar conta do expediente tramitado para a cesión gratuítala ao Servizo Galego de Saúde do ben patrimonial deste Concello relativo dos terreos da parcela sita na Avenida da Mariña nº 21, coa finalidade de levar a cabo a construción dun novo Centro de Saúde no Concello de Vilagarcía de Arousa, e xustificada a dita proposta polo beneficio que supón para o término municipal.

Visto o disposto no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL) e acreditado o cumprimento dos requisitos regulamentarios; visto así mesmo o informe emitido pola secretaria xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, e de conformidade con todo isto, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte

ACORDO

- 1) Ceder gratuitamente ao Servizo Galego de Saúde a finca con natureza de ben patrimonial sita na Avenida da Mariña nº 21 (esquina rúa Elpidio Villaverde) do concello de Vilagarcía de Arousa, con referencia catastral 9168009NH1196N0001RO e unha superficie de 4.564 m², coa finalidade de executar as obras de construción dun novo Centro de Saúde.
- 2) Facultar ao Alcalde para executar o acordado, e mesmo para asinar os documentos e escrituras que cumprisen.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

(firma electrónica)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de Esquerda Unida informa desfavorablemente En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a cesión gratuita ao SERGAS, da parcela municipal situada na Avda. da Mariña nº 21, para a construción dun novo Centro de Saúde e facultar ao Alcalde para executar o acordado, e mesmo para asinar os documentos e escrituras que cumprisen.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezasete votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (9) e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do BNG (2).

ACÓRDASE Por maioría:

- 1) Ceder gratuitamente ao Servizo Galego de Saúde a finca con natureza de ben patrimonial sita na Avenida da Mariña nº 21 (esquina rúa Elpidio Villaverde) do concello de Vilagarcía de Arousa, con referencia catastral 9168009NH1196N0001RO e unha superficie de 4.564 m², coa finalidade de executar as obras de construción dun novo Centro de Saúde.
- 2) Facultar ao Alcalde para executar o acordado, e mesmo para asinar os documentos e escrituras que cumprisen.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO BNG, RELATIVA Á SINALIZACIÓN INFORMATIVA NA CASA NATAL DO CÓMICO VILAXOANÉS "PEPE RUBIANES": Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presenta polo grupo político municipal do BNG coa data de 17 de agosto de 2023, do seguinte teor:

Moción relativa á sinalización informativa na casa natal do cómico vilaxoanés “Pepe Rubianes”

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Vilagarcía de Arousa, a través do seu voceiro D. Francisco Xabier Rodríguez Paz, presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 1947 naceu en Vilaxoán de Arousa o actor José Rubianes Alegret, coñecido artisticamente como Pepe Rubianes quen, sendo un cativo, emigrou coa súa familia cara Barcelona, onde os pais rexentaron unha pensión no barrio da Barceloneta.

A súa carreira profesional na cidade condal tivo un notable éxito, tanto na dirección teatral como na faceta de cómico, que despegou nos anos 80, -tras o seu paso por Cuba- co seu espectáculo pioneiro de soliloquios mordaces e cáusticos (“Pay-pay”) cos que encheu os locais durante anos, converténdose nun ídolo de personalidade desbordante para o público catalán.

A fama en terras catalás do vilaxoanés perdura 14 anos despois do seu deceso. Na Barceloneta,

onde residiu, unha rua leva o seu nome. Tamén, en Sitges, existe unha placa na casa que foi lugar de estadia vacacional e de escapadas de descanso da gran cidade. Na actualidade, non é raro ver algún que outro turista catalán, de cando en vez, a preguntar polas rúas de Vilaxoán onde se atopa a casa natal.

Pepe Rubianes foi nomeado Fillo Predilecto de Vilagarcía a título póstumo en 2009, só uns meses despois do seu pasamento, en 2009. No día en que tería cumprido 62 anos, celebrouse no pavillón de Fontecarmoa un acto de homenaxe que congregou a case dous milleiros de persoas, entre elas artistas galegos e cataláns.

Desde entón, téñense pronunciado distintas voces en completar o recoñecemento ao actor mediante iniciativas veciñais, como a de darlle o seu nome ao centro sociocultural sito no Preguntoiro, dedicarlle unha rúa ou converter a súa casa natal en casa-museo. O propio equipo de goberno, en 2018, comprometeuse a facer cumprir o acordo plenario que, no 2009, acordara dedicarlle un espazo público da cidade a Pepe Rubianes, unha vez escoitada a veciñanza de Vilaxoán. Con todo, a casa –propiedade de familiares directos do artista- acaba de ser obxecto de obras de rehabilitación, para converterse en residencia habitual dunha dos seus membros, existindo a mellor disposición por parte destes familiares á colocación dunha placa informativa. O mesmo acontece coa súa irmá Carmen, e a súa viúva Lucila Aguilera, quen xa se teñen manifestado sobre o cariño que lle profesaba Pepe Rubianes a Galiza e Vilaxoán, e as visitas á localidade.

Por canto antecede, propónse do Pleno da Corporación a adopción o seguinte ACORDO:

Dotar a vivenda sita na Rúa Vázquez Leis, nº 8 de Vilaxoán, mediante o soporte físico máis acaído, da identificación como casa natal do actor e cómico Pepe Rubianes, ao ser este un dos varios persoeiros de renome que deu esta vila mariñeira ao longo dos tempos, e constituír un atractivo máis para os nosos visitantes. ? Dar cumprimento aos acordos plenarios de dedicarlle un espazo público da cidade a Pepe Rubianes.

Vilagarcía de Arousa, 17 de Agosto de 2023

F. Xabier Rodríguez Paz

Voceiro do Grupo Municipal do BNG

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa á sinalización informativa na casa natal do cómico vilaxoanés "Pepe Rubianes".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8) e BNG (2) e nove abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1) Dotar a vivenda sita na Rúa Vázquez Leis, nº 8 de Vilaxoán, mediante o soporte físico máis acaído,

da identificación como casa natal do actor e cómico Pepe Rubianes, ao ser este un dos varios persoeiros de renome que deu esta vila mariñeira ao longo dos tempos, e constituír un atractivo máis para os nosos visitantes.

2) Dedicarlle un espazo público da cidade a Pepe Rubianes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO DO PP, RELATIVA Á REPARACIÓN E MANTEMENTO DAS NOVAS MARQUESIÑAS E SUBSTITUCIÓN DAS EXISTENTES EN TODAS AS PARROQUIAS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica de data 28 de agosto de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de agosto de 2023, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de agosto de 2023 a seguinte MOCIÓN:

Reparación e mantemento das novas marquesiñas e substitución das existentes en todas as parroquias

EXPOÑEN

Dende o ano 2016 o Partido Popular ven demandando diferentes melloras relativas ao estado no que se atopan as marquesiñas de Vilagarcía, así como unha dotación económica para renovar todas as que se atopan no municipio. Tanto en decembro do 2016, como en setembro do 2018, a corporación municipal acordou mellorar e renovar as marquesiñas municipais. A pesar dos acordos adoptados polo goberno local, no ano 2019, e ante as demandas veciñais e o mal estado das marquesiñas, esta formación volveu demandar en pleno o mantemento das paradas de autobuses. No ano 2020 o concello desenvolveu un proxecto cun investimento de 151.431,50 euros no que se instalaron 26 novas marquesiñas. Dende entón, o estado dalgunhas paradas de autobuses foi deplorable. Ao longo do municipio poden atoparse marquesiñas con cristais rotos, ferros soltos e con outras deficiencias, o que provoca inconvenientes aos cidadáns e incluso poden supoñer un risco potencial de accidentes, como o que ocorreu o pasado mes de decembro cunha veciña na marquesiña da Avenida de Cambados, en Sobradelo.

Ademais, do mal estado das novas marquesiñas, as parroquias de Vilagarcía continúan esquecidas polo goberno municipal deste proxecto de renovación, con paradas de autobuses antigas, de diferentes modelos e tamén, nalgúns casos, en mal estado. A falta de renovación das marquesiñas no rural afecta tamén aos veciños destas zonas, e é unha cuestión que o Partido Popular tamén reclamou en anteriores plenos, buscando un plan de homoxeneización para igualar toda a estética da vila e sobre todo, ter os mesmos servizos en todo o termo municipal.

Dende o Partido Popular consideramos que a situación pode ser máis preocupante co inicio do curso escolar, xa que as marquesiñas serán empregadas polos nenos e nenas e aquelas que se atopan en mal estado poden supoñer un risco para os máis pequenos.

Esta é unha demanda cidadá que non está a ser atendida e que empeora co paso do tempo, xa que os desperfectos aumentan de ano en ano, e con eles as queixas dos usuarios. Ademais, o comezo da época de chuvias fai necesaria unha actuación urxente para mellorar a calidade do servizo.

Por último, unha das queixas máis comúns entre os usuarios das marquesiñas é que moitas delas carecen de elementos de protección fronte ás inclemencias do tempo (vento, chuvia, sol...), e mesmo algunhas non teñen nin asento para esperar ó bus.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular

SOLICITA

- Que nun prazo máximo de 6 meses se reparen todas as marquesiñas instaladas no ano 2020
- Que se renoven todas as marquesiñas que non foron renovadas no ano 2020, especialmente as das parroquias.
- Que se dote de elementos de protección, cristais, asentos e paneis de información sobre horarios e liñas a todas as marquesiñas, ademais de garantir que todas elas sexan completamente accesibles.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa á reparación e mantemento das novas marquesiñas e substitución das existentes en todas as parroquias.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- Que nun prazo máximo de 6 meses se reparen todas as marquesiñas instaladas no ano 2020
- Que se renoven todas as marquesiñas que non foron renovadas no ano 2020, especialmente as das parroquias.
- Que se dote de elementos de protección, cristais, asentos e paneis de información sobre horarios e liñas a todas as marquesiñas, ademais de garantir que todas elas sexan completamente accesibles.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230831&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:40, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.